

CAMPAMENTOS DE VERÁN (2019) NA REDE MUSEÍSTICA



Museo Pazo de Tor

Este verán de 2019 mudamos a proposta, que non a filosofía, da nosa oferta de actividades e obradoiros para os máis pequenos. Cada un dos catro museos que compoñen a Rede Museística da Deputación de Lugo conta cun programa continuado de actividades moi variadas, sempre lúdicas, que se irán sucedendo ao longo dos días establecidos para cada quenda e cuxo obxectivo prioritario é achegar os asistentes ás fontes primarias de coñecemento para APRENDER a SER, a FACER, a COÑECER e a VIVIR COMPARTINDO.

Chamámoslles campamentos porque nos xuntamos para “acampar”, neste caso nos museos. Acampar no sentido de compartir e colaborar na procura dun obxectivo común: a experiencia e a motivación que nos poden ofrecer os múltiples e variados contidos destes catro museos: O Museo Provincial de Lugo (cidade de Lugo), o Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol), O Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) e o Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

A intención, ademais de adquirir coñecementos, é promover a convivencia nestes espazos con tan importante legado histórico, lugares que convidan a coñecer e crear (imaxinar) desde as ciencias, artes e técnicas artísticas ou arqueolóxicas, sempre desde parámetros de igualdade, interdisciplinabilidade e sostibilidade.

As distintas actividades a realizar serán impartidas exclusivamente por profesionais dos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.

CAMPAMENTOS

Idades: de 4 a 12 anos e membros do Club Pequeamig@s.

Prazas: 12 para cada quenda.

Horario: de 11:00 a 14:00h.

Quendas

1º.-quenda: do 9 ao 12 de xullo.

2º.-quenda: do 27 ao 30 de agosto.

Inscripcións

Realizaranse mediante o formulario específico no Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor os días, 25, 26 e 27 de xuño.

Comunicación admitidos: O día 1 de xullo comunicárase a listaxe de admitidos.

Nota importante para pais e nais

Unha vez comunicada a admisión do seu fillo ou filla para calquera das quendas, en caso de que pola que razón que sexa non teñan previsto asistir, rogamos comuniquen a este museo a maior brevidade esa circunstancia. Así facilitarán que outros demandantes en reserva poidan ser convocados.

ACTIVIDADES PARA O CLUB SÉNIOR

»Álbum de Memoria

Data: 13 de agosto.

Horario: De 11:00 a 13:00h.

ACTIVIDADES PARA O CLUB EI!

»Todos os camiños levan a Tor

Animamos a membros do Club Ei! e a mozas e mozos interesados a participar nesta iniciativa coa que vos propoñemos coñecer os fondos do Museo Pazo de Tor. Abonda con que vos acheguedes ao Museo e o solicitades.

Así, ademais de apoiarmos a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, chamamos a atención sobre a necesidade de dar visibilidade ao noso patrimonio e dámos continuidade ao proxecto deseñado por Antonella Sturla (Buenos Aires) e Tatiana Fernández (Lugo) que realizaron as prácticas na Rede Museística baixo o título “Todos los caminos llegan a Tor”.

Se te animas, fáinolo saber. Se investigas sobre os fondos do Pazo de Tor, podemos “dar visibilidade” ao teu esforzo a través da web da Rede Museística da Deputación de Lugo.

ACTIVIDADES CON COLECTIVOS

»Escénicas en Rede

Data: 7 de agosto.

Horario: De 11:00 a 13:00h.

En colaboración con varios colectivos.

Museo Pazo de Tor: 982 16 55 34

pazodetor@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística: 699 836 883

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

PAZO DE TOR